



FACULTADE DE FARMACIA

MEMORIA ANUAL DE CALIDADE

Facultade de Farmacia

Curso Académico: 2014 / 2015

Comisión de Calidade do Centro

Aprobada pola Xunta de Facultade o 11 de marzo de 2016

Índice

1. Introdución	2
2. Revisión / Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC)	6
3. Plan Anual de Melloras (PAM) da Facultade de Farmacia	25
4. Anexo: Informes Anuais de Seguimento (IAS) dos títulos impartidos na Facultade de Farmacia	27

1. Introducción

Indicacións da área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a cumplimentación

Na introdución o centro indicará brevemente:

- **O compromiso do Centro e a estrutura coa que conta para o desenvolvemento do SGIC**
- **Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade, é dicir, a elaboración e aprobación pola Comisión de Calidade do Centro e pola Xunta de Facultade respectivamente**
- **Unha breve exposición da estrutura do Centro:**
 - **Títulos impartidos no Centro**
 - **Documentación de referencia e Comisión de Garantía de Calidade no SGIC do Centro**

Se o centro elabora Memorias de Calidade todos os anos, a partir da primeira é suficiente con comentar na introdución os cambios relevantes.

O compromiso do Centro e a estrutura coa que conta para o desenvolvemento do SGIC

O equipo de dirección da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no mesmo.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, enmarcada dentro do seu Plan Estratéxico USC 2011 - 2020, a Programación Plurianual USC 2015-2018 e o Plan de Calidade USC 2004, a Facultade de Farmacia elabora a súa Política de Calidade marcando como principal obxectivo da mesma o desenvolvemento de programas formativos de excelencia que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento crave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Facultade de Farmacia quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garanten a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dan resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que afiancen as condicións de desenvolvemento profesional adecuadas ao seu persoal docente e investigador (PDI), ao persoal de administración e servizos (PAS) e que renda contas dos investimentos e optimización dos seus recursos.

A Facultade de Farmacia dirixe os seus esforzos á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos que estean á súa disposición; sempre dentro de estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables tanto a nivel europeo, como estatal, autonómico e universitario.

A [Facultade de Farmacia de la USC](#) posúe un Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC), cuxo deseño está certificado pola [Agencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia \(ACSUG\)](#) e que se encadra dentro do Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade da USC.

A estrutura coa que conta a Facultade de Farmacia para o desenvolvemento do SGIC é a seguinte:

- Equipo Decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Comisión do Título de Graduado en Farmacia (CT-GF)

- Comisión do Máster en I+D de Medicamentos (CM_I+D_M)
- Coordinadores dos Títulos
- Xestora de Centro

Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade, é dicir, a elaboración e aprobación pola Comisión de Calidade do Centro e pola Xunta de Facultade respectivamente

A presente Memoria Anual de Calidade (MAC) 2014-2015 da Facultade de Farmacia foi elaborada polo Responsable de Calidade do Centro, analizada en varias sesións da CCC e aprobada na reunión celebrada o día 15 de xaneiro de 2016.

Na MAC recóllese, ademais do mencionado ata aquí, o Seguimento do SGIC, o Plan Anual de Melloras (PAM) da Facultade de Farmacia e os Informes Anuais de Seguimento (IAS) dos títulos impartidos no centro.

O máximo órgano colexiado de goberno da Facultade de Farmacia é a Xunta de Facultade, que é a responsable da supervisión e aprobación de toda a política de calidade do centro e, por conseguinte, da MAC 2014-2015 da Facultade de Farmacia.

Unha breve exposición da estrutura do Centro:

- *Títulos impartidos no Centro*
- *Documentación de referencia e Comisión de Garantía de Calidade no SGIC do Centro #*

A estrutura organizativa da Facultade de Farmacia consta de:

- a) Equipo de Dirección do Centro:
 - Decano/a
 - 2 Vicedecanos/as
 - 1 Secretario/a
- b) Xunta de Facultade
- c) Comisións de centro:
 - Comisión Permanente (CP)
 - Comisión de Calidade do Centro (CCC)
 - Comisión de Mobilidade (CM)
 - Comisión de Economía, Administración e Servizos (CAS)
 - Comisión de Infraestruturas, Seguridade e Prevención de Riscos (CISPR)
 - Comisión de Biblioteca (CB)
 - Comisión de Normalización Lingüística (CNL)
- d) Comisións de título
 - Comisión do Título de Grao en Farmacia
 - Comisión de Prácticas Externas Curriculares Obrigatorias (Comisión Mixta de Estancias - Prácticas Tuteladas)
 - Comisión de Prácticas Externas Curriculares Optativas (en período de creación)
 - Comisión do Título (Académica) de Máster en I+D de Medicamentos
- e) Comité Consultivo da Facultade (CCF)

A Facultade de Farmacia ten deseñado no SGIC o denominado Comité Consultivo da Facultade, constituído polo equipo de dirección do centro, os coordinadores dos

títulos e persoas ou entidades relevantes externas ao centro e cuxa finalidade é a de aconsellar ao equipo de dirección da Facultade. A finalidade é que o CCF sirva de foro para contrastar opinións e facilitar información sobre as actividades profesionais, de negocio ou de interese social que afecten ou estean relacionadas coa actividade formativa da Facultade e faciliten o desenvolvemento futuro da mesma, así como a súa proxección social.

Unha das accións de mellora (AM) que se contempla durante o curso 2015 - 2016 é a convocatoria e activación do CCF.

Durante o curso académico 2014-2015 os títulos que se impartiron no centro foron:

- Grado en Farmacia: título específico-propio do centro
- Máster en I+D de Medicamentos: título adscrito ao centro
- Máster en Biotecnoloxía: título adscrito ao centro (non se imparte durante o actual curso 2015-2016)
- Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias: título adscrito ao centro (non se imparte durante o actual curso 2015-2016 e a Xunta de Facultade de data ~~xx-xx-xxxx~~ aprobou a solicitude de cambio de adscrición do título a outro centro)

Constitúe documentación de referencia a lexislación/normativa europea, estatal, autonómica, da USC, a específica da Facultade de Farmacia e a dos Departamentos con docencia na mesma e as Memorias dos títulos impartidos na Facultade. Referencia destacada, que se ampliará posteriormente, constitúea o SGIC da Facultade de Farmacia.

En relación á normativa da Facultade de Farmacia contéplase como acción de mellora (AM) durante o actual curso 2015 - 2016, a redacción dun novo Regulamento de Réxime Interno (RRI-Farmacia).

A composición da CCC é a seguinte:

- Decano/a. Presidenta da CCC
- Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Secretario/a da CCC
- Coordinador/a do Título de Grado en Farmacia
- Coordinador/a do Título del Máster en I+D de Medicamentos
- Xestor/a de Centro
- 2 Representantes de estudantes

A CCC reuniuse durante o curso 2014-2015, en convocatoria oficial, nas seguintes datas:

- 21 de outubro de 2014
- 29 de outubro de 2014
- 21 de abril de 2015
- 18 de maio de 2015

2. Revisión/Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Indicacións da área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a cumplimentación

Neste apartado recollerase a análise que a CCC levou a cabo do Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro. A información que debe empregarse para a análise é a seguinte:

- 1.- A vixencia da Política de Calidade do centro
- 2.- A evolución e o grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro
- 3.- A evolución e grao de cumprimento dos Obxectivos de Calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do centro
- 4.- O estado do Plan Anual de Mellora a realizar realizado durante o curso obxecto da avaliación
- 5.- O funcionamento e os resultados dos distintos procesos considerados no SGIC (resultados académicos e resultados dos restantes indicadores de eficacia do sistema)
- 6.- Seguimento das accións previstas en revisións anteriores do SGIC
- 7.- Procesos, procedementos e documentación do SGIC: necesidade de efectuar cambios na xestión do SGIC
- 8.- A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

A partir da análise desa información establecerase:

- As Accións de Mellora dos resultados e do propio SGIC
- As Necesidades de Recursos
- A necesidade de efectuar cambios no SGIC o nos obxectivos para o próximo período

Estes aspectos, recollidos no Informe de Revisión/Seguimento do SGIC, quedarán recollidos no Plan Anual de Melloras, onde haberá que describir as Accións de Mellora propostas en relación con cada directriz, os seus responsables e o período de execución.

Este Informe de Revisión/Seguimento pode organizarse seguindo as directrices dos SGIC:

Directrices FIDES - AUDIT
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Directriz 6. Información pública

Debido a que esta é a primeira Memoria Anual de Calidade (MAC) da Facultade de Farmacia que se elabora, unha vez transcorridos os 5 anos desde a implantación do Grao en Farmacia, realizarase unha descrición inicial sobre o deseño, aprobación, implantación e evolución do SGIC da Facultade de Farmacia.

Nunha sesión ordinaria da Xunta de Facultade, celebrada o día 9 de xullo de 2009, aprobouse o deseño do SGIC da Facultade de Farmacia e a composición da Comisión de Calidade do Centro (CCC). A elaboración e presentación do SGIC foi realizada polo Vicedecano de Calidade e Responsable de Calidade do Centro (RCC). Na mesma sesión, a Xunta de Facultade tamén aprobou a Memoria do Grao en Farmacia pola USC.

O SGIC da Facultade de Farmacia deseñouse sobre a base do borrador do Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade da USC, elaborado polo ACMP do entón denominado Vicerreitorado de Calidade e Planificación da USC.

O Sistema Marco de Garantía Interna da Calidade da USC, que foi aprobado en Consello de Goberno en decembro de 2009, constaba de dous manuais:

- Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade (M-SGIC-USC, V 1.0)
- Manual de Procesos e Procedementos (MPP-SGIC-USC, V 1.0)

No SGIC da Facultade de Farmacia inicialmente deseñado estaba constituído por:

- Manual do Sistema Garantía Interna de Calidade da Facultade de Farmacia
- (M-SGIC-Farmacia, V 0.0)
- • Manual de Procesos e Procedementos (MPP-SGIC-Farmacia, V 0.0)

Este SGIC dá Facultade de Farmacia presentouse á [segunda convocatoria de certificación do deseño do SGIC \(Programa FIDES-AUDIT\)](#) da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) no que participaron [22 centro universitarios](#) de toda Galicia, dos cales 8 deles eran os primeiros centros da USC que sometían a certificación o deseño dos seus SGIC específicos.

A ACSUG emitiu un informe provisional sobre o deseño inicial do SGIC da Facultade de Farmacia. En base ao informe emitido realizáronse modificacións do SGIC e tamén se remitiron alegacións por parte do centro á ACSUG.

O [Informe Final do Deseño do SGIC](#) da ACSUG emitiuse o 26-04-2010 e tamén se remitiu ao centro, coa mesma data, a [Certificación do Deseño do SGIC](#) da Facultade de Farmacia. A partir dese momento estiveron vixentes:

- Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Farmacia
- (M-SGIC-Farmacia, V 1.0)
- Manual de Procesos e Procedementos (MPP-SGIC-Farmacia, V 1.0)

O SGIC da Facultade de Farmacia abarca a todos os títulos impartidos no centro aínda que, polas súas especiais circunstancias, os másteres adscritos ao centro, cuxa elaboración, memoria de título, estrutura organizativa académica, implantación e desenvolvemento estableceuse e aprobou antes da publicación do RD 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais (BOE nº 260, 30 de outubro de 2007) conxuntamente coa circunstancia de que a normativa propia da USC relativa aos estudos dos anteriormente denominados estudos de terceiro ciclo -denominación hoxe obsoleta-, tamén é anterior ao mencionado RD 1393/2007 e, por tanto, non adaptada ao contexto normativo actual, propiciou que se xerasen disfuncións no ámbito de implantación e cobertura do SGIC nos másteres adscritos ao centro.

No ano 2010 produciuse un cambio no equipo reitoral e unha reestruturación dos vicerreitorados pasando o ACMP a depender do entón denominado Vicerreitorado de Responsabilidade Social e Calidade. Tamén cambia durante este período o Adxunto ao Vicerreitor con competencias en calidade e o Xefe do ACMP.

A versión 1.0 do SGIC da Facultade de Farmacia estivo vixente ata que a USC realizou unha revisión do Sistema Marco de Garantía Interna da Calidade.

Concretamente, a Comisión Delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación aprobou, o 3 de maio de 2013, a revisión do mencionado Sistema Marco de Garantía Interna da Calidade da USC xerándose unha nova documentación do sistema consistente en:

- 1. Capítulo 1 Introducción

- 2. Manual Extenso do Sistema Marco de Calidade (V 2.0)
- 3. Manual Simplificado do Sistema Marco de Calidade (V 0.0)
- 4. Manual de Procesos e Procedementos (V 2.0)

Ademais, coa finalidade de facilitar a implantación do SGIC nos centros, a USC introduciu en outubro de 2013 unha aplicación informática denominada Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASG).

De acordo coas indicacións do ACMP da USC, con esta nova versión do Sistema Marco da USC non era necesario que os centros adaptasen todos os novos manuais ao seu contexto organizativo-académico, soamente tiñan que adaptar o Manual Simplificado do Sistema Marco de Calidade.

O RCC adaptou o Manual Simplificado do Sistema Marco de Calidade ás características da Facultade de Farmacia. Este Manual Simplificado de Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Farmacia (MS-SGIC-Farmacia, V 0.0) foi aprobado pola CCC na súa reunión de 13-11-2013, revisado polo ACMP da USC e aprobado pola Xunta de Facultade na reunión de 11-12-2013.

En abril de 2014 prodúcese un novo cambio no equipo reitoral da USC e prodúcese unha nova reorganización de vicerreitorados/servizos. O ACMP tamén cambia de Xefe de Área e pasa a depender do Vicerreitorado de Comunicación e Coordinación e tamén cambia o Adxunto ao Vicerreitor con competencias en calidade.

O 3 de outubro de 2014 a Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC, aproba novos cambios no Sistema Marco de Garantía da Calidade que afectan o contido do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna da Calidade, xerándose así unha nova versión do mesmo, a versión 1.0 (V 1.0), o cal obrigou a unha nova adaptación por parte dos centros do mencionado manual.

A adaptación realizouna novamente o RCC, elaborando a nova versión do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna da Calidade da Facultade de Farmacia (MS-SGIC-Farmacia, V 1.0) que foi aprobado pola CCC na reunión celebrada o 21 de outubro de 2014, revisado polo ACMP, aprobado pola Xunta de Facultade o 30 de outubro de 2014 e polo Consello de Goberno da USC o 4 de febreiro de 2015.

O 29 de xullo de 2015, o Consello de Goberno da USC aproba unha nova modificación do Sistema Marco, concretamente apróbase un novo Manual de Procesos e Procedementos do Sistema Marco de Garantía da Calidade da USC (V 3.0).

En resumo, a data de hoxe, despois de tres cambios de denominación de vicerreitorado, de tres cambios de vicerreitor, de tres cambios de adxuntos ao vicerreitor con competencias en calidade, de tres cambios de adscrición do ACMP, de tres cambios de Xefe de Área do ACMP, o Sistema Marco de Garantía Interna da Calidade da USC está composto por:

- 1. Capítulo 1 Introducción
- 2. Manual Extenso do Sistema Marco de Calidade (V 2.0)
- 3. Manual Simplificado do Sistema Marco de Calidade (V 1.0)
- 4. Manual de Procesos e Procedementos (V 3.0)

Ademais, tamén se integra no sistema de calidade a aplicación informática xa mencionada: Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASG), a cal tamén sufriu varias modificacións desde a súa implantación inicial.

Contéplase como unha acción de mellora (AM) a impartición dun curso de formación sobre o funcionamento da AASG.

A Facultade de Farmacia adaptou e/ou adoptado, desde os seus inicios, o Sistema Marco de Garantía Interna da Calidade da USC vixente en cada momento.

Na actualidade, a Facultade de Farmacia adaptou o Manual Simplificado do Sistema Marco, estando vixente no centro a Versión (1.0) do denominado Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Farmacia (MS-SGIC-Farmacía) e adoptado o resto de documentos do Sistema Marco de Garantía de Calidade.

O control de documentos e rexistros do SGIC realizouse seguindo o denominado proceso PS-04 Proceso de control dos documentos e os rexistros.

Aínda que neste momento non hai ningún centro da USC que teña certificada a Implantación do SGIC, é intención do equipo de dirección da Facultade de Farmacia, contando co asesoramento do ACMP, solicitar a certificación da implantación do SGIC da Facultade de Farmacia á ACSUG. Isto contéplase como unha nova acción de mellora (AM) a desenvolver.

Ao longo destes anos de vixencia do SGIC realizáronse os correspondentes Informes Anuais de Seguimento (IAS) dos títulos impartidos no centro.

Na páxina web da Facultade de Farmacia recóllense os IAS dos títulos actualmente impartidos no centro. Así, nas seguintes ligazóns, pódese acceder aos IAS do Grao en Farmacia dos cursos [2010 - 2011](#), [2011 - 2012](#), [2012 - 2013](#), [2013 - 2014](#) e [2014 - 2015](#). No curso académico 2012 - 2013 a ACSUG realizou un [Informe de Seguimento do Grado en Farmacia](#) obténdose unha avaliación Conforme (Positiva) da implantación do título.

Tamén na páxina web da Facultade de Farmacia pódese acceder ao IAS [2014-2015](#) del Máster en I+D de Medicamentos, que é o primeiro que se realiza dende a remisión pola ACSUG do [Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación](#) do máster, con resultado Favorable (Positivo) do mencionado título.

Durante o curso 2014-2015 tamén se renovou a acreditación do Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias. Este máster non se imparte durante o curso 2015-2016, polo que non presentou IAS 2014-2015 na Facultade de Farmacia e, ademais, como se comentou previamente, solicitou a adscrición a outro centro.

1.- A vixencia da Política de Calidade do centro

No Manual Simplificado do SGIC da Facultade de Farmacia, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 4 de febreiro de 2015, recóllese a Política de Calidade do centro rubricada pola Decana.

No mencionado apartado recóllese que a Facultade de Farmacia adquire o firme compromiso de garantir a calidade na mesma e establecer a súa política baixo os principios de:

- Responsabilidade: proporcionando unha formación dirixida á excelencia e garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- Integración, participación e igualdade: esta Facultade establece como un dos principios crave da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso, garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Orientación ao alumnado: A Facultade de Farmacia garante que todos os seus programas formativos están orientados ao estudante, entendendo que son os principais receptores dos mesmos.
- Excelencia: o traballo na Facultade de Farmacia realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria.
- Transparencia: A Facultade de Farmacia basea a xestión dúas seus programas formativos na transparencia dos seus resultados e na difusión dos mesmos aos seus grupos de interese.

Principios todos eles plenamente vixentes que constitúen a guía de actuación do equipo de dirección do centro

2.- A evolución e o grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro

A elaboración e aprobación do Plan Estratéxico da Facultade de Farmacia contémpase como unha das accións de mellora (AM) do centro para desenvolver durante o ano 2016.

3.- A evolución e grao de cumprimento dos Obxectivos de Calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do centro

A elaboración e aprobación da Programación Plurianual de Calidade da Facultade de Farmacia tamén se contempla como unha das accións de mellora (AM) do centro para desenvolver durante o ano 2016.

4.- O estado do Plan Anual de Melloras realizado durante o curso obxecto da avaliación

Como se mencionou ao comezo da presente Memoria Anual de Calidade, esta é a primeira que se realiza e remítese ao ACMP, polo que non hai, como tal, un Plan Anual de Melloras (PAM) do centro correspondente ao curso académico obxecto de avaliación (2014- 2015) pero se, desde un punto de vista práctico, a Facultade de Farmacia asumiu como súas algunhas das accións de mellora propostas nos IAS dos títulos impartidos durante o curso 2013 - 2014 e 2014-2015 e, ademais, desenvolveu outras novas polo que implantou un Plan Anual de Melloras durante o curso 2014-2015 aínda que non estea plasmado nun documento que se remitiu ao ACMP da USC. Véxanse os IAS correspondentes.

5.- O funcionamento e os resultados dos distintos procesos considerados no SGIC (resultados académicos e resultados dos restantes indicadores de eficacia do sistema)

A finalidade dos SGIC é a de conseguir a máxima eficacia e eficiencia no proceso de

ensino-aprendizaxe e de todos os actores implicados no devandito proceso, formando así profesionais capacitados que respondan as necesidades da sociedade.

Os valores dos indicadores máis directamente relacionados cos resultados académicos durante o curso 2014-2015 foron:

a) Grado en Farmacia

Indicador	Grado en Farmacia
IN39G-S01-PM-01- Eficiencia de los titulados	97,06
IN35G-S01-PM-01- Taxa de éxito	82,13
IN34G-S01-PM-01- Taxa de rendimento	73,87
IN37G-S01-PM-01- Taxa de graduación	No calculada. Primeira promoción de egresados curso 2014 - 2015
IN38G-S01-PM-01- Duración media dos estudos	5,00

A eficiencia dos titulados é moi elevada, estando dentro das catro primeiras titulacións da USC e a segunda dentro da área de Ciencias da Saúde. É intención do equipo de dirección incrementar os valores das taxas de éxito e rendimento.

b) Máster en I+D de Medicamentos

Indicador	Máster I+D Medicamentos
IN39M-S01-PM-01- Eficiencia dos titulados	100
IN35M-S01-PM-01- Taxa de éxito	100
IN34M-S01-PM-01- Taxa de rendimento	96,39
IN37M-S01-PM-01- Taxa de graduación	96,00
IN38M-S01-PM-01- Duración media de los estudos	1,00

A taxa de eficiencia e de éxito non pode ser maior e propoñémonos mantelas nestes valores.

Os valores de taxa de rendimento e taxa de gradación tamén son elevados, atopándose no terzo superior de valores de todos os másteres impartidos na USC.

Para os dous títulos incluíronse as ligazóns aos distintos indicadores mencionados para permitir unha máis fácil comparación dos resultados do curso 2014- 2015 cos de cursos anteriores e tamén para facilitar a comparación dos títulos impartidos no centro con outros títulos impartidos na USC.

Aos outros indicadores do Grao en Farmacia e do Máster en I+D de Medicamentos pódese acceder a través do apartado de [Seguimento dos títulos oficiais da USC](#) da páxina web do ACMP.

Analizando a mobilidade de estudantes, PDI e PAS propónse como Acción de Mellora (AM) do centro o incremento da mobilidade de estudantes, PDI e PAS

A análise dos distintos indicadores e informes dos títulos impartidos no centro xa se realizaron e plasmaron nos IAS dos títulos que se achegan.

6.- Seguimento das accións previstas en revisións anteriores do SGIC

Realizáronse tres revisións do SGIC da Facultade de Farmacia por parte de avaliadores externos. Estas revisións reproducense aquí e utilizáronse como base para a reflexión e a Revisión/Seguimento do SGIC:

- A) Unha revisión inicial xeneral de todo o SGIC do centro.
- B) Unha revisión do SGIC aplicado de forma específica ao Título de Grao en Farmacia.
- C) Unha revisión do SGIC aplicado de forma específica ao Título de Máster de I+D de Medicamentos

A) Revisión inicial xeral de todo o SGIC do centro.

No [Informe Final de Diseño do SGIC da Facultade de Farmacia](#) remitido pola ACSUG contémpase, no seu apartado terceiro:

“3.- Suxestións para a Implantación do SGIC e o seu Futuro Seguimento e Certificación

O Centro seguiu as indicacións contidas no Informe Provisional de Avaliación do SGIC na maior parte das propostas de mellora establecidas pola Comisión de Avaliación, por iso quere recoñecer o esforzo realizado polos responsables.

A continuación expóñense algunhas suxestións que serán de utilidade para a implantación do SGIC e que facilitarán o seguimento e a futura certificación:

Completar o organigrama funcional e xerárquico dos órganos de goberno incluíndo as diferentes comisións do centro e sinalando as liñas de dependencia. O organigrama que se achega no apartado 2.4.2 do MC02 resulta insuficiente.

A parte da información achegada no PM01 e PM02 débense incluír as queixas, reclamacións e suxestións como fonte de obtención de información en todos os procesos.

O ámbito de aplicación do proceso de xestión das incidencias, suxestións, queixas e reclamacións debería incluír todos os grupos de interese, tanto internos como externos xa que tal e como se presenta no punto 6.3 do PM04 parece que só permite presentar incidencias ás persoas da comunidade universitaria.

Incluír dentro do SGIC o proceso codificado como PC05, que fai referencia á Admisión e Matriculación do estudiantado, coa finalidade de que estea documentado no SGIC do centro, á marxe de que estea implantado e certificado pola Norma UNE-NISO 9001:2000.

Establecer de maneira máis clara no PC-06 ("Titoría e orientación ao estudante"), cales son as accións de orientación profesional propias do centro e cales se desenvolven nel seguindo as orientacións do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE) da universidade.

Ademais de todas estas indicacións a Comisión de Avaliación recomenda empezar canto antes coa toma de datos e os correspondentes rexistros, co fin de poder poñer en marcha o ciclo de mellora con novos obxectivos."

Na Revisión do SGIC da Facultade de Farmacia, efectuado en distintas reunións da CCC ao longo destes anos, adoptáronse os seguintes compromisos ou executado accións pertinentes correspondentes ás seguintes afirmacións da Comisión:

Completar o organigrama funcional e xerárquico dos órganos de goberno incluíndo as diferentes comisións do centro e sinalando as liñas de dependencia. O organigrama que se achega no apartado 2.4.2 do MC02 resulta insuficiente.

A estrutura organizativa - académica da Facultade de Farmacia xa está perfectamente establecida e describiuse anteriormente de forma resumida. Esta estrutura e as liñas de dependencia incluíranse na nova versión do Regulamento de Réxime Interno da Facultade que se propón como Acción de Mellora (AM) e atópase en fase de elaboración.

A parte da información achegada no PM01 e PM02 débense incluír as queixas, reclamacións e suxestións como fonte de obtención de información en todos os procesos.

O ámbito de aplicación do proceso de xestión das incidencias, suxestións, queixas e reclamacións debería incluír todos os grupos de interese, tanto internos como externos xa que tal e como se presenta no punto 6.3 do PM04 parece que só permite presentar incidencias ás persoas da comunidade universitaria.

A USC ten un sistema propio institucional de recollida de queixas, reclamacións e suxestións a través da [Oficina de Análise e Reclamacións](#) (OAR), o [Defensor da Comunidade Universitaria](#), etc.

Ademais das vías institucionais, a Facultade de Farmacia estableceu vías específicas de recepción de queixas, reclamacións e suxestións relacionadas coa mesma. Neste sentido, non só poden presentarse utilizando as vías institucionais mencionadas, tamén hai dispoñibles sistemas propios de recepción:

- ✓ Na páxina web da Facultade de Farmacia, no apartado de Calidade / SGIC, hai un apartado denominado [Caixa de correos de Suxestións](#) a través do cal se poden presentar suxestións, queixas e reclamacións por e-mail.
- ✓ Na entrada do Decanato, tamén hai dispoñible unha caixa de correos física de Suxestións e un [Modelo Impreso](#) para presentar as suxestións, queixas ou as reclamacións que se consideren.

Esta acción de mellora realizouse durante o pasado curso académico 2014-2015.

Incluír dentro do SGIC o proceso codificado como PC05, que fai referencia á Admisión e Matriculación do estudiantado, coa finalidade de que estea documentado no SGIC do centro, á marxe de que estea implantado e certificado pola Norma UNE-NISO 9001:2000.

Como se indicou anteriormente, a CCC da Facultade de Farmacia adoptou o Manual de Procesos e Procedementos do Sistema Marco de Garantía de Calidade da USC.

Establecer de maneira máis clara no PC-06 ("Titoría e orientación ao estudante"), cales son as accións de orientación profesional propias do centro e cales se desenvolven nel seguindo as orientacións do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE) da universidade.

Ao longo destes anos puxéronse en marcha distintas iniciativas (accións de mellora) coa finalidade de facilitar a orientación dos estudantes novos nas titulacións que se imparten na Facultade e dos estudantes que están a piques de saír ao mercado laboral.

Desde o inicio da implantación do Grao en Farmacia e tamén no Máster de I+D de Medicamentos realízanse xornadas de recepción aos estudantes de nova incorporación.

No caso do Grao en Farmacia antes de que os alumnos se incorporen á Facultade, a Decana remítelles unha carta de benvida e infórmaselles da realización dunha Xornada de Recepción.

O primeiro día lectivo do curso realízase a Xornada de Recepción na que está presente todo o equipo de dirección do centro, a coordinadora do título, a coordinadora do primeiro curso do grao, a directora da biblioteca, os alumnos titores e representantes das asociacións de estudantes.

Ao longo destes anos de implantación do Grao fóronse asinando novos convenios (accións de mellora) con institucións e empresas coa finalidade de permitirles aos estudantes, ao longo dos seus estudos, a realización de Prácticas Externas Curriculares Optativas en distintos destinos. Así, os estudantes poden realizar prácticas na Consellería de Sanidade - SERGAS como poden ser: Servizos Centrais da Consellería, Centros de Atención Primaria, Laboratorios de Análise Clínica e/ou Microbiolóxico dos Hospitais, Servizos de Inspección, Saúde Pública, etc. Tamén poden facer prácticas en Centros de Distribución Farmacéutica (COFAGA, COFANO), Grupos de Investigación, etc. todo iso xunto coas Prácticas Externas Curriculares Obrigatorias (Estancias - Prácticas Tuteladas) en Farmacias de Hospital ou Farmacias Comunitarias, unido ás sesións informativas que se programan para os alumnos con distintos profesionais farmacéuticos que exercen en distintos ámbitos (Farmacéutico Militar, ONG, Farmacéuticos en países da UE, etc.) contribúen fehacientemente á orientación profesional do estudiantado.

No caso do Máster de I+D de Medicamentos tamén se realiza unha Xornada de Recepción na que participa a Coordinadora do máster e todos os profesores que o desexen do máster e presentan aos alumnos as súas distintas liñas de investigación e ofertan a realización dos Traballos Fin de Master (TFM) nos seus Grupos de Investigación.

Como Acción de Mellora (AM) propónse incrementar os destinos - centros de realización de prácticas dos alumnos que cursan os títulos impartidos no centro.

Tamén como Acción de Mellora (AM) propónse a realización de enquisas propias aos alumnos e titores que participen nas prácticas externas.

Tamén se propón como Acción de Mellora (AM) a realización dun curso dirixido aos estudantes de Seguridade nos Laboratorios / Postos de Traballo.

B) Revisión do SGIC aplicado de forma específica ao Título de Grao en Farmacia.

No [Informe de Seguimento do Grao en Farmacia do curso 2012-2013](#) realizado pola ACSUG, recóllese no seu apartado de información pública:

"1. Información Pública
Fortalezas Detectadas:

- O acceso e contido do SGC, onde se pode ver toda a información relativa ao mesmo

E no apartado de Recomendacións para a Mellora e no concernente ao SGIC da Facultade indícase:

"Sistema de Garantía de Calidade

Recoméndase reflexionar de forma máis crítica sobre a efectiva aplicación dos procedementos previstos do SGC e como estes contribúen ao correcto desenvolvemento da implantación do título.

Recoméndase realizar unha análise das queixas e suxestións presentadas co fin de establecer fortalezas e debilidades do título."

Na análise e reflexión efectuada pola CCC sobre o indicado pola Comisión, adoptáronse as seguintes decisións:

1. Información Pública
Fortalezas Detectadas:

- O acceso e contido do SGC, onde se pode ver toda a información relativa ao mesmo

Na actualidade e debido aos cambios efectuados no SGIC, debe de realizarse unha adaptación da información dispoñible na sección de Calidade/SGIC da páxina web da Facultade. Esta actividade propónse como unha Acción de Mellora (AM) a desenvolver durante o presente curso.

Recoméndase reflexionar de forma máis crítica sobre a efectiva aplicación dos procedementos previstos do SGC e como estes contribúen ao correcto desenvolvemento da implantación do título.

Nos IAS do Grao en Farmacia dos últimos anos, despois das modificacións introducidas pola ACSUG no modelo de IAS, unido a que o ACMP vai axustando os distintos indicadores e informes utilizados e facilitando os datos dos mesmos, xunto cun coñecemento maior de todo o procedemento polos distintos implicados, contribuíu a que os IAS sexan menos descritivos e máis reflexivos. Como Acción de Mellora (AM) a CCC recomenda profundar neste sentido recomendando a elaboración dun documento de

reflexión que inclúa a revisión e análise dos indicadores, informes, enquisas de satisfacción, etc. seguindo o esquema de por parte das Comisións dos Títulos.

Recoméndase realizar unha análise das queixas e suxestións presentadas co fin de establecer fortalezas e debilidades do título.

Todas as queixas, reclamacións e suxestións presentadas son analizadas por parte do equipo de dirección e, de ser identificables, respondidas os seus autores e tidas en conta, se é o caso, para a mellora dos títulos.

C) Revisión do SGIC aplicado de forma específica ao Título de Máster de I+D de Medicamentos.

No [Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Máster de I+D de Medicamentos](#), do 3 de xuño de 2015, na súa Dimensión 1 correspondente á Xestión do Título e concretamente no seu criterio 3, Sistema de Garantía de Calidade, a Comisión de Avaliación outorgoulle ao SGIC, no concernente á implantación e cobertura deste título específico de máster, a valoración de:

“C: Alcánzase parcialmente”

Que segundo a codificación que figura no Informe Final de Avaliación significa:

“**C: Alcánzase parcialmente.** Lógrase o estándar no mínimo nivel pero détéctanse aspectos puntuais que han de mellorarse.”

De forma específica no concernente ao SGIC, no mencionado Informe Final de Avaliación do Máster en I+D de Medicamentos, ámbito específico no que pode ser valorado o SGIC por parte da Comisión de Avaliación, recóllese:

“1. ASPECTOS QUE DEBEN SER OBXECTO DE ELABORACIÓN DUN PLAN DE MELLORAS

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

- Nas distintas audiencias constatouse que o centro achega a infraestrutura e os servizos necesarios para o correcto desenvolvemento do máster, pero non sente directamente involucrado no seu desenvolvemento. Aínda que no informe de alegacións explícase esta situación e reconécese que existe, non se achegan actuacións concretas que permitan corrixir esta disfunción. Débese concretar que medidas levarán a cabo e, no seu caso, instar á USC a que actualice a normativa relativa á adscrición dos másteres aos diferentes centros e o papel que debe desempeñar o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) dos mesmos en relación con todas as titulacións que teñan adscritas. de Calidad (SGC) de los mismos en relación con todas las titulaciones que tengan adscritas. Todo iso en coherencia coa lexislación estatal actual en relación á ordenación dos ensinos universitarios oficiais. O SGC da Facultade debe ter unha implicación máis clara no máster, posto que non se visualiza ben o seu papel específico dentro do mesmo.
- Débense definir claramente as competencias da Comisión de Garantía de Calidade (CGC) da Facultade e darlle o protagonismo necesario como órgano garante da calidade dos procesos formativos da Facultade e como promotora de iniciativas de mellora continua dentro do organigrama do centro.
- Non se visualiza a implicación directa da Comisión de Garantía de Calidade do Centro no máster. O seu labor é realmente levada a cabo pola Comisión Académica. Débese considerar o organigrama ascendente, onde o coordinador do máster en representación

da Comisión Académica transmita as súas propostas á Comisión de Garantía de Calidade, e esta realice un papel máis proactivo nas actividades de medición, análise e propostas de mellora do título. Recoméndase que a acción de mellora que se recolle nas alegacións reflíctase no formato característico das accións de mellora, incluíndose os detalles das actuacións previstas. A acción de mellora SGIC-AM-Ou4-2015 debe achegar un maior nivel de detalle.

- Débense desenvolver autoinformes de seguimento máis reflexivos, baseados en datos obxectivos e na análise dos distintos indicadores do título. De maneira xeral, no autoinforme de seguimento 2013-2014 non se visualiza a aplicación práctica dos plans de mellora establecidos en autoinformes anteriores, desenvolvemento e grao de execución dos mesmos, así como as accións de mellora establecidas son moi concisas. Débese realizar un seguimento continuo das propostas de mellora establecidas nos distintos autoinformes de seguimento. Lémbrese que se debe elaborar un plan de mellora do máster que conteña todas as accións de mellora derivadas do proceso de seguimento, modificación e renovación da acreditación detallando adecuadamente como mínimo os puntos críticos detectados, o obxectivo, as actuacións para desenvolver, o responsable de execución e seguimento e prazo de execución. Recoméndase que a actuación que se indica nas alegacións recóllase tamén na acción de mellora SGIC-AM-Ou6-2015.

3.- RECOMENDACIONES PARA A MELLORA

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

.....

Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

- A pesar das modificacións do SGC que tiveron lugar en 2013 e 2014 en aras á súa simplificación e utilidade práctica, non se detecta nin se achegan evidencias de que a súa implantación sexa o satisfactoria que sería desexable para que cumpra efectivamente o seu papel de medición, análise e propostas de mellora do máster. Recoméndase abordar a certificación da implantación do SGC a fin de que se asegure a súa utilidade na mellora continua do título.
- Recoméndase fomentar a participación de estudantes e do profesorado no funcionamento da Comisión de Garantía de Calidade do centro. Recoméndase incorporar no plan de melloras como se fomentará a participación, ademais de dar a coñecer a importancia da Comisión de Garantía de Calidade do Centro na calidade dos títulos.
- Recoméndase a incorporación na Comisión de Garantía de Calidade de representantes dos distintos grupos de interese: egresados e empregadores. Nas distintas audiencias devanditos grupos mostraron a súa dispoñibilidade de participación.
- Recoméndase potenciar desde a Universidade e desde o centro a importancia de avaliar a calidade da docencia (a través do Programa DOCENTIA ou similares). Así mesmo, os responsables académicos do centro deben recibir información desagregada dos resultados desta avaliación para poder tomar as medidas oportunas.

A CCC, unha vez analizado o Informe Final da Comisión de Avaliación, informa e acorda:

"1. ASPECTOS QUE DEBEN SER OBXECTO DE ELABORACIÓN DUN PLAN DE MELLORAS
DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO
Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

